

PLAN  
XERALL

CURSOS

2019 / 2020



CEIP MESTRE  
VIDE



Curso 2019 – 2020

## INDICE

1. INTRODUCCIÓN.
  2. OBXECTIVOS.
    - 2.1 OBXECTIVOS XERAIS.
    - 2.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.
    - 2.3 MEDIDAS.
    - 2.4 RECURSOS.
  3. CONCRECIÓN ANUAL DO PE.
  4. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNAO CON NEAE.
  5. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.
    - a. Equipos de ciclo.
    - b. Comisión de Coordinación pedagóxica.
    - c. Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística.
    - d. Equipo de Actividades extraescolares.
  6. ÓRGANOS DE GOBERNO.
  7. ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS (APNA).
  8. VALORES, HÁBITOS E OBXECTIVOS.
    - a. Obxectivos xerais:
    - b. 1º e 2º de EP.
    - c. 3º e 4º de EP.
    - d. 5º e 6º de EP.
  9. TEMAS TRANSVERSAIS.
  10. AVALIACIÓN.
  11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.
  12. PLAN LECTOR
  13. COMEDOR ESCOLAR
- ANEXO II: HORARIO BIBLIOTECA.  
ANEXO III: HORARIO INFORMÁTICA.  
ANEXO IV: ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (ANPA).

## 1.- INTRODUCCIÓN

A Programación Xeral Anual para este curso 2019-20 faise a partir das conclusións da memoria do curso anterior e das propostas de mellora feitas polo Claustro de profesores. Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar a traballar na mesma liña dos últimos cursos académicos. Para elo, vai ser de gran importancia o desenvolvemento dos diferentes Plans e Programas que están en funcionamento, especialmente o Plan de Mellora de Biblioteca Escolar, Proxecto TIC. E-Dixgal en 5º de primaria, Proxecto de Fomento do Emprego do Galego, Plan Proxecta (Aliméntate Ben e Proxecto Deportivo de Centro) e as Seccións Bilingües en 5º e 6º curso de Educación Primaria.

As Seccións Bilingües en 5º e 6º curso (plástica, e o Proxecto E.Dixgal supuxo un salto cualitativo no desenvolvemento do proceso de ensino e aprendizaxe en todos os niveis educativos que se imparten no centro. Porén, supón unha mellora substancial nas relacións e implicacións das familias no proceso educativo dos seus fillos e fillas.

### 1.- DATOS XERAIS DO CENTRO.

#### DATOS XERAIS DO CENTRO.

Denominación: **CEIP MESTRE VIDE**

Titularidade **PÚBLICO**

Nº código de centro **320115669**

Municipio (Localidade): **OURENSE**

Provincia: **OURENSE**

CP **32004**

Tfno: **988238556**

Enderezo: **PASEO MESTRE VIDE Nº 4 32004**

Enderezo electrónico **[ceip.mestre.vide@edu.xunta.es](mailto:ceip.mestre.vide@edu.xunta.es)**

Páxina Web: **<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevide/>**

### 1.1.- CONCLUSIÓN DA MEMORIA DO ANO ANTERIOR:

Aínda que se cumpriron satisfactoriamente a maioría dos obxectivos, recolléronse para este curso as seguintes propostas de mellora:

- a. Seguir mellorando o plan de convivencia, as normas de funcionamento e a atención ao alumnado, para isto é importante traballar nas titorías co alumnado e nas reunións das Comisións de Coordinación Pedagóxica con todo o profesorado o apartado de dereitos e deberes.
- b. Implicar máis ao alumnado na asimilación e interiorización de hábitos de responsabilidade e de atención na aula, reforzando a Educación en valores para evitar a formación de subgrupos e desenvolver actitudes de respecto e solidariedade, rexeitando calquera tipo de discriminación.
- c. Continuar co reforzo educativo (RE) e as adaptacións curriculares (AC), de ser o caso, naquel alumnado que presente dificultades de aprendizaxe.
- d. Aumentar a dotación do material informático e de lectura do Centro.

- e. Actualizar e dar publicidade os diferentes cursos en Moodle, dentro do aula virtual, para facilitar o uso das novas tecnoloxías dentro e fóra da aula co alumnado.
- f. Revisar os diferentes Plans e Proxectos que integran Proxecto educativo, dando prioridade aos seguintes: Plan de Igualdade, Plan de Evacuación, Plan de Comunicación, Plan de Orientación e Plan Xeral de Atención a diversidade.
- g. Actualizar os documentos programáticos do Centro.
- h. Continuar empregando a biblioteca como centro de documentación e recursos para o desenvolvemento das diferentes materias.
- i. Mellorar a comunicación e relación cos pais e nais do alumnado, sobre todo nos casos de alumnos con dificultades de aprendizaxe e de comportamento. Controlar diariamente as axendas dalgún alumnado, e utilízalas como nexos de comunicación do titor coa familia, para que exista un verdadeiro control e seguimento das familias do traballo desenvolvido polos seus fillos. Como complemento a dita comunicación introducimos o traballo na aplicación informática Abalar Móbil.
- j. Afondar na expresión oral, a escrita, e a orde e limpeza nos traballos realizados polo alumnado.

## 1.2. CONTEXTUALIZACIÓN.

O Proxecto Educativo do CEIP Mestre Vide recolle a descrición do ambiente socioeconómico-cultural do entorno establecendo que: *“O CEIP Mestre Vide atópase enclavado no barrio ourensán das Lagoas, ao noreste da cidade, na marxe esquerda do río Miño. Na historia deste barrio cabe falar de dúas etapas ben definidas: a década do anos 70 na que se construíron gran número de vivendas en réxime de cooperativas (funcionarios do concello, do MEC, comercio, RENFE, La Región. Uteco,... Nesta década foi construído o colexio o Lagoas III (CEIP Mestre Vide).(1980) A partir de finais dos anos 70, o perfil do barrio residencial que tiña, trocou e comezaron a construírse vivendas sociais que na actualidade superan as cincocentas vivendas. A historia da construción do barrio condiciona os datos de poboación e nivel socioeconómico-cultural dos habitantes do barrio é outro factor a ter en conta. Os datos do censo no ano 1991 daban unha densidade de 2.9 habitantes por vivenda cooperativa, mentres que a densidade nas vivendas sociais ascendía a 3.5 habitantes por vivenda. Son significativos os datos dese mesmo ano sobre as porcentaxes de xoves (29.48%), adultos (57%) e maiores (13%). A análise destes datos xa presentaba nese ano síntomas de envellecemento, que na actualidade xa se confirmou ante a ausencia de renovación xeneracional. Todo isto, xunto co descenso demográfico xeneralizado na sociedade, ten unha clara repercusión na potencial poboación escolar do centro, que ven diminuíndo a súa matrícula ano a ano. Os datos da situación socio-económica-cultural dos habitantes do barrio é un fiel reflexo da historia de construción do barrio, poñendo de manifesto unha clara diferenciación interna na poboación do mesmo. Salientar tamén, nesta breve descrición a ausencia de servizos que ten o barrio, CEIP Mestre Vide manteñen unha boa relación co centro educativo sendo esta correcta. O CEIP Mestre Vide está adscrito ao IES As Lagoas.*

## PROGRAMACION XERAL ANUAL

### 2.- OBXECTIVOS

#### 2.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Velar pola boa organización e funcionamento do Centro, utilizando os recursos materiais e humanos disponibles.

#### 2.2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Mellorar as infraestruturas do Centro.
- Cumprir as normas básicas de convivencia no Centro.
- Promover una boa coordinación pedagóxica entre o profesorado, así como una boa relación con toda a comunidade educativa e tamén con todas as institucións q nor relacionamos.
- Favorecer a planificación e organización das diferentes actividades que parten do ENLG, Tics, convivencia...
- Organizar e desenvolver actividades complementarias ao longo do curso.
- Tratar que todo o profesorado se implique na xestión informática de datos académicos que competen ao alumnado (XADE).
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías na propia aula e na aula de informática.
- Desenvolver medidas de atención ao alumnado con NEAE ou con necesidade de RE
- Reelaborar e adaptar as programación á LOMCE.

#### 2.3.- MEDIDAS

- Elaboración dos distintos horarios.
- Distribución do profesorado nos distintos órganos de participación e coordinación para mellorar e desenvolver os distintos plans de traballo.
- Información a nais e país para que a súa implicación reverta nunha mellor formación para os seus fillos.

#### 2.4.- RECURSOS

- A normativa vixente referente a organización e funcionamento do centro.
- O currículo de EI e EP.
- Recursos do centro.
- Asignación orzamentaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- O Xade Web, o programa MEIGa e a páxina web do centro.

### 3.- CONCRECIÓN ANUAL DO PE.

O Claustro elaborará ou **revisará para actualizar**, se fora preciso, a Proposta Curricular que forma parte do PE. Nesta proposta incluírase:

- Introducción sobre as características do Centro e do entorno.
- Obxectivos da EI e EP , profundizando nas competencias clave.
- Principios metodolóxicos e didácticos xerais.
- Procedementos de avaliación da aprendizaxe do alumnado.

- Criterios de promoción.
- Procedementos de avaliación da programación didáctica e da práctica docente.
- Medidas curriculares e organizativas para a atención a diversidade do alumnado. Seguimento e avaliación das distintas adaptacións.
- Plan Lector.
- Plan de Acción Titorial.
- Plan das TICS.
- Acordos para mellorar os resultados académicos.
- Incorporación dos elementos transversais.

#### 4.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS AO ALUMNADO DO

### PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

curso 2019/2020

#### 1. XUSTIFICACIÓN

A orientación educativa é un proceso de axuda que está inserto na actividade educativa, o seu obxectivo debe ser optimizar o rendemento da ensinanza mediante un adecuado asesoramento á comunidade educativa co fin último de mellorar a calidade da ensinanza e posibilitando o desenvolvemento integral do alumno. Trátase dun proceso global que integra aspectos referidos ao desenvolvemento persoal, aos procesos de ensino aprendizaxe e a toma de decisións.

Non pode considerarse de ningunha maneira a orientación como unha actuación periférica, levada a cabo de forma solitaria polo orientador, xa que tanto na súa planificación como no seu desenvolvemento, vense comprometidos a totalidade do profesorado, dos órganos do centro e os ámbitos, familiar e social, no que se desenvolve cada alumno e alumna en particular.

Este proceso para ser eficaz será sistemático e planificado e estará dirixido a todos os sectores da comunidade educativa, xa que todos eles forman un sistema no que as relacións que se establecen entre os seus membros (pais/nais, alumnos/as, profesores/as e persoal non docente), inflúen en todos os demais e en si mesmo. Coordinar todos os esforzos e asumir a responsabilidade de cada un dos membros do sistema educativo faise necesario ou mais ben imprescindible.

Polo tanto, a orientación deberá propoñer solucións educativas adaptadas ás características e necesidades do centro, para que este poida respostar a todo o alumnado matriculado. Este obxectivo será imposible de conseguir se non se establece un plan de actuación conxunto entre todos os sectores implicados no proceso educativo.

## 2. MARCO LEGAL

Dende o Departamento de Orientación temos que ter en conta as diferentes disposicións legais que sustentan e rexen o sistema educativo. Dentro das que destacamos: a **Orde do 24 de Xullo do 98**, pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e o **Decreto 120/98**, que a regula; o **Decreto 229/2011**, que regula a atención a diversidade do alumnado, e a **Circular 18/2007** das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se ditan instrucións para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia na que se establecen como liñas prioritarias de actuación:

- Atención a toda a diversidade
- Plan de acción titorial
- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos
- Formación permanente, investigación, experimentación e innovación.
- Participación e implicación das familias

## 3. CONTEXTUALIZACIÓN E ANÁLISE DE NECESIDADES

O Centro de Educación Infantil e Primaria “MESTRE VIDE” está situado nun barrio novo, preto do centro urbano de Ourense. Conta cun alumnado procedente maioritariamente de núcleos familiares de clase media, composto na súa maioría por funcionarios, traballadores por conta allea e algúns autónomos.

O barrio non ten servizos culturais e de lecer propios, utilizando os do concello de Ourense. Non existen problemas de marxinação acusada ou de conflito social.

O centro imparte os tres derradeiros cursos de Educación Infantil (6 unidades) e os seis cursos de Educación Primaria (12 unidades), facendo un total de 18 unidades.

O Departamento de Orientación do centro está composto por:

- Xefa do Departamento: Mónica Hernán López
- Xefa de Estudos: Lourdes Manso de la Torre
- Especialistas de Pedagogía Terapéutica:
  - Rosa María Barata Quintas
  - Ana Luísa Garrido Vila
  - Manuel Álvarez Fernández
  - María Lucita Gamallo Santos

- Especialistas de Audición e Linguaxe:
  - Estela Cid Núñez
  - Beatriz Carro Suárez
  
- Coordinadores:
  - Educación Infantil: María Pilar Rodríguez Rodríguez
  - 4º,5º e 6º curso de E. Primaria: Esperanza García Méndez
  - 1ª, 2º e 3º curso de E. Primaria: María José Caride Pérez

As reunións serán levadas a cabo semanalmente, os martes pola tarde, para tratar aspectos puntuais, por aqueles membros do Departamento de Orientación que estean implicados neles; pero as reunións máis amplas para a elaboración e seguimento do Plan de Orientación e do Plan de Acción Titorial serán segundo a planificación do centro os cuartos martes de cada mes.

En relación co cumprimento do horario persoal da orientadora, no que se deberán completar 25 horas lectivas semanais, mais as destinadas as reunións de dinamizacións e de coordinación docente, así como as reunións de Claustro e profesorado.

### **3.1. FUNCIONS DA XEFA DO DEPARTAMENTO:**

- Elaboración do plan anual de actividades do Departamento, velar polo seu cumprimento e redactar a memoria final.
- Representar ao Departamento na CCP.
- Valoración das necesidades educativas no ámbito da orientación e deseñar, desenvolver e avaliar plans específicos de intervención e mellora.
- Deseñar actuacións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe, derivadas de condicións desfavorables ou de altas capacidades.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación de medidas de atención a diversidade, sendo responsable da elaboración do informe psicopedagóxico.
- Coordinar, en colaboración co profesorado de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Participar nas sesións de avaliación, con funcións de asesoramento e apoio ao profesorado.
- Facilitar á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para que o alumnado



poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou dificultosos.

- Cooperar cos Equipos de Orientación Específicos.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Coordinación da orientadora cos titores/as de cada curso.
- Coordinación co departamento de orientación do IES As Lagoas, ao que está adscrito o centro.
- Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións alleos ao centro.

### **3.2. INTERVENCIÓN CO ALUMNADO CON NEAE**

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, no curso 2019/2020, está constituído inicialmente por sesenta e dous alumnos e alumnas. Dentro dos que se atopan alumnado con dislalias evolutivas, atraso na fala, mutismo, atraso madurativo e da linguaxe, déficit de atención con e sen hiperactividade, discapacidade motórica, síndrome Poliformativo, Síndrome de Barth, Síndrome de Klinefelter, dislexia, trastorno de conducta, trastorno específico da linguaxe, trastorno de espectro autista, altas capacidades, cromosopatías e dificultades de aprendizaxe asociadas a condicións persoais. Dentro deste alumnado algúns contan cun certificado de discapacidade cunha valoración entre un 34% e un 65%.

As medidas de atención a diversidade seguindo o artigo 8 do decreto 229/2011 que temos previsto aplicar atendendo ás necesidades educativas no detectadas no centro son:

#### **– Medidas ordinarias**

- Adecuación das programacións didácticas e de aula ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, ...
- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos, ...) e da aula, as características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos e ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións dirixidas a mellora da convivencia.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.

- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

– **Medidas extraordinarias** (Art. 9 Decreto 229/2011 e LOMCE):

- Adaptacións curriculares.
- Apoio de profesorado de PT/AL.
- Apoio de auxiliar coidador.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Escolarización diferente da ordinaria (combinada coa unidade EE ).
- Permanencia dun ano mais nun curso ou ciclo

### **3.3. ALUMNADO CON NEAE CON RESPOSTA DENDE AULA ESPECÍFICA.**

Durante o presente curso escolar a unidade de educación especial do centro dará resposta educativa en escolarización combinada a un alumno do centro. Dende esa aula levarase a cabo conxuntamente coa titora e o mestre especialista de lingua estranxeira inglés, a adaptación curricular coa que se pretende conseguir o máximo desenvolvemento psicolóxico do alumno. Esta toma de decisión do equipo de mestres conta co apoio dos informes tanto da orientadora do centro como do EOE, así como co ditame de escolarización da Xefatura Territorial.

### **3.4. ALUMNADO CON NEAE ASOCIADAS A ALTAS CAPACIDADES**

No curso 2016/2017 iniciouse a posta en marcha dunha aula de altas capacidades coa finalidade de dar resposta o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo asociadas a altas capacidades intelectuais.

Tomouse como criterio para a inclusión dos alumnos neste programa de enriquecemento a valoración como alumnos con altas capacidades intelectuais, por parte do EOE.

No presente curso continúaase con dito programa de enriquecemento, tendo en conta os mesmos criterios cos cursos pasados. Este ano partimos cun grupo composto por: dous alumnos de 4º e catro alumnos de 6ª.

A maiores deste grupo hai un alumno pendente da intervención do EOE para que poida confirmar ou non o seu diagnóstico de altas capacidades.

Para atender as necesidades educativas dos alumnos de altas capacidades contamos cos recursos humanos dun mestre especialista en Pedagogía Terapéutica que dedica catro horas semanais para a atención deste alumnado.

## 4. OBXECTIVOS

### 4.1. OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos que se consideran prioritarios para o presente curso son:

#### 4.1.1.- En relación ó centro:

- Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado, contando co inicio neste curso escolar no 5º nivel de primaria da implantación do programa da xunta e-dixgal.
- Asesorar aos órganos directivos sobre o contido do proxecto educativo e os documentos que o integran, especialmente sobre as medidas de atención á diversidade e a acción tutorial: Reforzos educativos, Adaptacións curriculares, Intervención psicopedagóxica, Criterios de avaliación e promoción do alumnado.
- Colaborar nos diferentes procesos de avaliación do centro e asesorar á totalidade da comunidade educativa sobre os proxectos de mellora e calidade do sistema educativo.
- Coordinar as relacións do centro con outras institucións ou servizos como o centro de formación e recursos, o equipo de orientación específico, gabinetes clínicos privados e outros servizos públicos asistenciais e sociais.
- Promover unha adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias, así como co contorno social do centro

#### 4.1.2.- En relación co alumnado

- Asesorar e apoiar ao alumnado nos momentos de maior dificultade, como son o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa, as dificultades de aprendizaxe e de integración persoal ou social, as familias de alto risco ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.
- Valorar as necesidades educativas, derivadas de condicións desfavorables ou de altas capacidades, no ámbito da orientación, do alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención e mellora.
- Deseñar actividades encamiñadas á atención temperá e á prevención das dificultades de aprendizaxe e non só asistir as que xa se teñan producido, evitando na medida do posible o fracaso e a inadaptación escolar.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Colaborar co departamento do orientación do I.E.S. nas actividades relativas á orientación académico-profesional dos alumnos que pasan para a E.S.O.

#### **4.1.3.- En relación co profesorado**

- Coordinar o traballo de titorías a asesorar no desenvolvemento da función titorial, facilitándolles a utilización de técnicas relativas a hábitos de traballo, técnicas de estudo, programas de ensinar a pensar, dinámica e xestión de grupos, entrevista, sociogramas.
- Colaborar coas mestras de P.T., e de A.L. na avaliación, no deseño de plans de intervención e mellora e no seguimento do alumnado implicados.
- Colaborar na detección de dificultades de aprendizaxe (desenvolvemento, aprendizaxe, etc.) que presente o alumnado e na pronta intervención para tratar de remedialos.
- Asesorar ao profesorado sobre a necesidade de dar resposta á diversidade nas programacións didácticas contemplando diversos niveis de dificultade.
- Colaborar co titor e co resto do profesorado na elaboración das Adaptacións Curriculares e o seguimento e avaliación das mesmas. Participar na elaboración de Adaptacións Curriculares Significativas.
- Aportar información e solicitar colaboración para a realización de avaliacións psicopedagóxicas integradas apoiando ao profesorado do alumnado que necesite medidas de reforzo educativo.
- Participar nas reunións do equipo docente das diferentes aulas cando sexa necesario.

#### 4.1.4.- En relación coas familias

- Mediante entrevistas, establecer reunións fluídas cos pais/nais para facilitar a conexión entre o centro e as familias.
- Orientar ás familias de forma individual e/ou colectiva para que asuman de forma responsable a educación dos seus fillos e fillas.
- Contribuír á súa formación como adultos con responsabilidade educativa.

#### 4.1.5.- Con respecto a outras institucións

- Solicita-la cooperación do Equipo de Orientación Específico cando se considere a necesidade dunha intervención externa.
- Colaborar co servizo de Saúde Mental.
- Establecer canles de coordinación entre orientadores de primaria e secundaria.
- Colaborar con aquelas institucións que se requira para acadar melloras educativas.

## 4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### 4.2.1. AUDICIÓN E LINGUAXE

**FUNCÍONS** do mestre/a de A.L.:

- Atención ao alumnado con n.e.a.e.
- Coordinar en colaboración coa xefa de estudos as cuestións relacionadas coa educación e estancia no centro de alumnado con n.e.a.e.
- Colaborar coa CCP na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con n.e.a.e.
- Orientar ao profesorado que imparta docencia ao alumnado con n.e.a.e., así como, a eles mesmos e as súas familias sobre cuestións de interese para o seu desenvolvemento.
- Participar na avaliación inicial e naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con n.e.a.e.
- Programar accións encamiñadas á atención temperá, prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou aprendizaxe.

- Colaborar co titor e co resto do profesorado na elaboración das Adaptacións Curriculares e o seguimento e avaliación das mesmas.

## **OBXECTIVO XERAL**

- Educación Infantil: “Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos - expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe”.
- Educación Primaria: ”Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación”.

## **OBXETIVOS DIDÁCTICOS:**

concretos e relacionados coas necesidades individuais do alumnado e, baseados na súa avaliación Psicopedagóxica:

- Mellorar as bases anatómico-funcionais da linguaxe: relaxación, respiración, sopro, praxias bucofaciais, discriminación auditiva e ritmo.
- Favorecer o desenvolvemento verbal do alumnado no aspecto fonético, semántico, morfosintáctico e pragmático.
- Articular correctamente os fonemas - problema e xeneralizar estes á linguaxe espontánea e á lectura.
- Utilizar a linguaxe como instrumento que lles permita a súa adaptación ao medio social.
- Utilizar correctamente a lingua en distintas situacións de interacción.
- Mellorar a competencia lingüística e facilitar o acceso aos contidos do currículo da área de linguaxe.
- Promover e favorecer o desenvolvemento persoal, intelectual, lingüístico e social do alumnado.
- Planificar accións para a estimulación, a prevención e a detección temperá de alumnado con dificultades na linguaxe.

- No alumnado con discapacidade intelectual e trastornos do espectro autista, incrementar os intercambios comunicativos empregando medios aumentativos e alternativos de comunicación, se é o caso.
- Mellorar a capacidade de atención, así como a memoria, percepción visual, táctil, etc.

### CONTIDOS:

Encamiñados a mellorar:

- 1) As bases anatómico-funcionais: relaxación, respiración, sopro, discriminación...
- 2) As dimensións da linguaxe: fonética- fonoloxía, morfosintaxe, semántica e pragmática.
- 3) Lectura e escritura.

### AVALIACIÓN:

Será inicial (para determinar as necesidades do alumnado, do centro e do contexto), continua e formativa (para axustar a programación ás necesidades cambiantes) e final (para comprobar o grao de adquisición dos obxectivos, mellorar aqueles aspectos deficitarios e avaliar a propia práctica docente).

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Formulados partindo dos *Obxectivos Didácticos* propostos para cada alumno. Irán encamiñados a comprobar se o alumno/a foi capaz de adquirilos.

Procurarase a maior **COORDINACIÓN** posible, tanto cos titores/as dos alumnos/as con necesidades, cos especialistas e coas mestras de PT; para poder levar a cabo unha tarefa conxunta de intercambio de experiencias e lograr uns obxectivos comúns que favorezan o maior aproveitamento das aprendizaxes por parte do alumnado, seguindo un enfoque globalizado baseado no xogo como principal actividade de ensino-aprendizaxe.

#### 4.2.2. PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

O mestre especialista en pedagogía terapéutica constitúe un recurso máis do centro. O seu

obxectivo fundamental é a atención ao alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo**, en colaboración e coordinación cos titores, profesores de área e os distintos profesionais que participan no proceso de Ensino Aprendizaxe dos alumnos.

O apoio do profesor de PT proporciona ao proceso de ensino aprendizaxe os medios (individualización do proceso de ensinanza, diferente ritmo e estilo de aprendizaxe, atención individualizada, adaptación curriculares,...) para acadar os obxectivos propostos coa diversidade do alumnado do centro.

Nalgúns casos excepcionais o profesorado de PT realizará sesións individuais e en pequeno grupo na aula de apoio.

Os obxectivos propostos están encamiñados a dar resposta as necesidades detectadas no noso centro dende tres ámbitos:

**a) Con respecto ao centro:**

- Colaborar cos titores na detección e prevención dos alumnos con necesidades educativas de apoio específico.
- Asesorar sobre as medidas de atención a diversidade e levalas a cabo.
- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que traballan con alumnado con diversidade funcional.
- Dinamizar a inclusión de todo o alumnado no centro e nas diversas actividades que nel se propoñan.
- Recompilar todo o material didáctico posible e adaptar o material ordinario para que poida beneficiarse todo o alumnado.

**b) Con respecto ao alumnado:**

- Garantir a integración escolar e social.
- Fomentar e apoiar os aprendizaxes instrumentais básicos.
- Fomentar actitudes participativas.
- Contribuír a madurez emocional dos alumnos/as.
- Mellorar a autoestima dos alumnos/as
- Mellorar o clima social da aula.
- Desenvolver aprendizaxes funcionais que lles permitan unha maior autonomía.
- Traballar os requisitos básicos para a aprendizaxe: atención, percepción, memoria, razoamento...
- Diseñar programas específicos de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades.



**c) Con respecto as familias:**

- Fomentar actitudes participativas nas actividades do centro.
- Garantir un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitacións dos seus fillos.

## 5. PLANIFICACIÓN XERAL DE ACTIVIDADES

Á hora de planificar as accións a desenvolver por este Departamento de Orientación teremos en conta:

- a) As actuacións fixadas que se marcan como prioritarias no marco do plan de orientación para este curso escolar.
- b) Propoñer solucións educativas adaptadas ás necesidades atopadas.

### ***PRIMEIRO TRIMESTRE***

- Reunión coa xefa do Departamento de Orientación do IES As Lagoas (adscrito).
- Realización dos horarios do profesorado de PT e de AL.
- Tramitación e informes para becas do M.E.C.
- Elaboración do Plan de Orientación para o curso 2018/2019 e desenvolvemento do mesmo.
- Análise das necesidades educativas máis urxentes: Priorizando a atención a alumnado que xa en cursos anteriores recibían apoio do profesorado de PT e AL.
- Valoración diagnóstica dos alumnos sinalados como de atención prioritaria na avaliación final do curso anterior.
- Realización das probas de aptitude, BADyG, en 2º curso de educación primaria. Son colectivas e lévanse a cabo na propia aula.
- Sociogramas.
- Revisión dos informes psicopedagóxicos.
- Reunións de coordinación cos titores/as e cos profesores especialistas de PT e AL, de forma sistémica ao longo de todo o curso.
- Toma de decisións e unificación de criterios con respecto os plans de intervención e mellora educativa: adecuación do currículo (apoyo educativo, adaptación curricular

significativa) e medidas organizativas (aula ordinaria-aula de apoio, temporalización e persoas responsables).

- Realizar avaliacións individuais no momento en que sexan precisas segundo a apreciación dos titores/as.
- Incidir positivamente e colaborar en programas que se poidan levar a cabo no centro sobre calquera actividade que mellore o sistema de ensino-aprendizaxe (comprensión lectora, cálculo mental, técnicas de estudio...)
- Actualización dos recursos materiais do departamento.

### ***SEGUNDO TRIMESTRE***

- Continuación de aspectos pendentes do trimestre anterior.
- Seguimento do alumnado con N.E.A.E.
- Estudio dos resultados da 1ª avaliación e adopción das medidas oportunas.
- Asesoramento ao alumnado e a súas familias.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas que vaian xurdindo ao longo do trimestre. Actualización de informes.
- Seguimento do Plan de Acción Tutorial.

### ***TERCEIRO TRIMESTRE***

- Continuación de aspectos pendentes do trimestre anterior.
- Elaboración de Informes ao rematar cada un dos niveis.
- Entrevista coas titoras de E. Infantil (5 anos) para a recollida de información relevante para o próximo curso.
- Información xeral ao alumnado de 6º sobre a ESO.
- Reunión co Departamento de Orientación do IES As Lagoas, e elaboración de informes daqueles alumnos con necesidades educativas e que reciben medidas extraordinarias de apoio educativo en Educación primaria.
- Reunión inicial cos pais dos alumnos que inician a escolarización en educación infantil no curso próximo.
- Avaliación do plan.
- Elaboración da Memoria.
- Seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais.

(Toda as actividades que se propoñen neste plan teñen como finalidade a consecución dos

obxectivos programados, sempre cun carácter flexible e revisable).

### ***EXTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN***

O obxectivo principal do Departamento de Orientación será contribuír a mellorar a calidade do ensino no Centro. Así que a estratexia fundamental será a colaboración plena e total cos titores co fin de que a cada alumno/a se lle oferte a educación máis axeitada as súas propias características.

O diálogo constante cos titores/as sobre a dinámica da aula os procesos de ensino-aprendizaxe que nela se establezan, será o instrumento fundamental para a consecución do obxectivo. Calquera intervención tendente a producir cambios deberá contar coa aceptación e apoio dos implicados.

A intervención será eminentemente proactiva, polo tanto enfocada á prevención e desenvolvemento.

Intentarase implicar o máximo as familias, ofertándolles o asesoramento que precisen e indicándolles, segundo as necesidades concretas, as pautas de actuación oportunas.

### ***CRITERIOS DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN***

Cos datos aportados polo Departamento de Orientación e o profesorado en xeral, elaborárase a fin de curso unha memoria reflexiva que permita, de xeito sintético, recoller os logros acadados, as dificultades atopadas e, sobre todo, os aspectos do plan de orientación que será preciso modificar (retirar, concretar, ampliar,...) de cara o futuro.

O seguimento continuo do plan terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas, e que basicamente serán:

- Reunións dos membros do Departamento de Orientación.
- Reunións coa xefa de estudos, coordinadores/as e titores/as.
- Entrevistas con pais/nais e alumnos/as.

Como **indicadores** da avaliación utilizaremos os seguintes aspectos.

- Adecuación das distintas actividades ás necesidades dos destinatarios.
- As actividades programadas que se realizaron.
- Consecución das metas ou obxectivos previstos inicialmente nas actividades realizadas.

- Adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- Grao de participación das persoas implicadas.
- Adecuación da temporalización prevista.
- Conclusións e propostas de mellora.

## **5.- ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA:**

### **5.1.- ORGANIGRAMA**

#### **CONSELLO ESCOLAR**

#### **DIRECTOR**

CLAUSTRO

XEFA DE ESTUDOS

SECRETARIA

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

EQUIPOS DOCENTES

COORDINADORES DE CICLO

TITORÍAS

PAIS

ALUMNOS

#### **CONSELLO ESCOLAR:**

Comisión económica.

Comisión para admisión dos alumnos.

Comisión de disciplina e convivencia.

Comisión de urxencia.

#### **CLAUSTRO DE PROFESORES:**

Equipos docentes.

Coordinadores de ciclo.

Titorías.

#### **EQUIPO DIRECTIVO:**

Director.

Xefa de estudos.

Secretaria.

### **5.2.- HORARIOS:**

As actividades escolares lectivas realízanse de luns a venres durante cinco horas diarias. No

colexio está implantada a xornada única de mañá de 9 /14 h.

### **5.2.1.- HORARIOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO**

Membros do equipo directivo:

DIRECTOR. De 09:00 a 11:30 h e de 13:10 a 14 h.

XEFA DE ESTUDIO. De 09:00 a 09:50 e de 13:10 a 14.

SECRETARIO. De 09:00 a 11:30 h.

PROFESORADO. Martes de 16:00 a 17:00 h.

ORIENTADORA. Todos os días previa cita.

### **3.2.2.- QUENDAS DE PROFESORES NOS RECREOS:**

O recreo farase conxuntamente de 11: 30 h. ata 12:00 h.

. O número de profesores de cada turno nos recreos dos patios será a seguinte:

- 6 profesores para Infantil.
- 7 profesores para Primaria.

En Ed. Infantil, haberá turno de rotación na vixianza do recreo, como figura no establecido na reunión de Etapa e baixo a supervisión da Xefe de Estudos. Vixiarán todos os profesores adscritos a E.I. e ademais unha profesora de A.L, D<sup>a</sup> Vanesa M<sup>a</sup> Villar García, substituída por D<sup>a</sup> Beatriz Carro Suárez, profesora de Relixión Católica, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Matilde González Iglesias, orientadora, D<sup>a</sup> Mónica Hernán López e profesora de relixión dos mércores (alternos) D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Blanco Fernández.

- En Primaria establécense tres turnos:

**A:** Titores de 1<sup>OS</sup>, 3<sup>OS</sup>, 5<sup>OS</sup> e D<sup>a</sup> Estela Cid Núñez ( AL ).5<sup>o</sup> A (Casa da Xuventude).

**B:** Titores de 2<sup>OS</sup>, 4<sup>OS</sup>, 6<sup>OS</sup> e D. Celso Blanco Cadahía ( EF, Pavillón Casa da Xuventude ).

**C:** Especialistas: Profesora de Música, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Díaz Fiuza ( Pavillón Casa da Xuventude), profesores de Inglés, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Fernández Vidal e D. Francisco Javier Souto Lamas, profesoras de PT, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rosa Barata Quintas, D. Manuel Álvarez Fernández, D. F<sup>co</sup> Javier Pérez Iglesias ( E. F) e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucita Gamallo

Os alumnos distribuiranse do seguinte xeito .

- Educación Infantil: Patio baixo.
- 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> A e B: Patio de area e patio cuberto.

- 3º, 4º, 5º e 6º A e B: Patio superior.

Os días de chuvia a distribución será a seguinte:

- Patio cuberto: 1º e 2º A e B.
- Pavillón: Educación Infantil.
- Pavillón Casa da Xuventude: 3º, 4º, 5º, e 6º A e B.

PAVILLÓN: Profesores de E. Infantil.

#### PATIO CUBERTO:

- A: Titores de 1º e AL
- B: Titores de 2º e profesor PT<sub>D</sub>
- C: Profesores : Inglés A e B e P.T.C.

#### PAVILLÓN CASA DA XUVENTUDE:

- A: Titores de 3º, 5º .
- B: Titores 4º e 6º e EF<sub>A</sub>
- C: P T<sub>A</sub> e B, EF<sub>B</sub> e Música.

### **3.2.3.- DISTRIBUCIÓN HORARIA DE CADA GRUPO DE ALUMNOS**

Xúntase a este PLAN no ANEXO I

### **3.2.4.- RECEPCION DOS PAIS**

Durante o mes de Outubro os equipos docentes terán unha reunión global cos pais, nais ou titores dos seus alumnos/as. Dita reunión poderá facerse por titorias ou niveis .

Así mesmo, sinalouse o martes as 17 h , como o día para a recepción dos pais. No caso de que algún pai ou nai non poida achegarse nese día ata o Colexio, será recibido polo titor noutro momento, sempre e cando previamente concertase a entrevista. En calquera caso o titor poderá solicitar a presenza dos pais/nais no Centro, cando o considere necesario.

### **3.3.- FORMACIÓN DO PROFESORADO**

O profesorado do Centro participará no programa anual para o Curso 2019-2020 de Formación do Profesorado, como o ven facendo en anos anteriores.

### 3.4.- LIBROS DE TEXTO

Ver ANEXO II.

## 4.- TIPOLOXÍA ESCOLAR

### 4.1.- UNIDADES

Trátase dun Centro no que se imparte actualmente a ED. INFANTIL, ED. PRIMARIA.  
O Centro consta de 18 Unidades distribuídas da forma seguinte:

6 de Ed. Infantil

12 de Ed. Primaria

4 Aulas de PT. Dúas profesoras definitivas e dous provisionais. Un deles comparte as clases de Lingua Castelá, Lingua Galega, C. Sociais en Valores no curso 5º A, para a liberación horaria do Dr.

2 Aulas de Audición e Linguaxe. Dúas profesoras provisionais.

2 Apoio Infantil.

1 Música.

2 E. F.

2 de Inglés.

### 4.2.- PROFESORADO

**TOTAL: 34**

ADSCRIPCIÓNS E TITORÍAS:

### **E. INFANTIL:**

**Dª Ana Belén Rodríguez Robledo, 4º A.**

**Dª Belén Pagán Campos, 4º B.**

**Dª Mercedes Moure Cabello, 5º A.**

**Dª Mª Isabel Pérez Rodríguez, 5º B.**

**Dª Iria Mª Bordas Vidal e Dª Laura Rodríguez Prado , 6º A.**

**Dª Mercedes del Pilar Represa LLores, 6º B.**

**Dª Mª de la Salud Rodríguez Fernández. Apoio A. COORDINADORA**

**N.L.G.**

## **PRIMARIA:**

**D<sup>a</sup> Arancha Míguez Iglesias, 1º A.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Pérez , 1º B.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Amparo Casares Vidueira, 2º A.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Esther Fernández González, 2º B.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Seara Borrajo, 3º B.**  
**D<sup>a</sup> Esperanza García Méndez, 4º A.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Rita González Pérez, 4º B**  
**D. Juan Manuel Regal Lamelo, 5º A. (DIRECTOR).**  
**D<sup>a</sup> Rosa Ojea Rúa. 5º B.**  
**D<sup>a</sup> Mercedes Rodríguez Rodríguez, 6º A.**  
**D<sup>a</sup> Lourdes Manso de la Torre. 6º B. (X. DE ESTUDIOS).**

## **ESPECIALISTAS**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Luisa Fernández Vida, Inglés 1º<sup>s</sup>, 2º<sup>s</sup>, 5º<sup>s</sup> e 6º<sup>s</sup>.**  
**D. Francisco Javier Souto Lamas, Inglés E.I., 3º<sup>s</sup> 4º<sup>s</sup> e Plástica 6º<sup>s</sup>.**  
**D. Celso Blanco Cadahía, E. Física 4º<sup>s</sup>, 5º<sup>s</sup> e 6º<sup>s</sup>. SECRETARIO.**  
**D. Francisco Javier Pérez Iglesias, E. Física 1º<sup>s</sup>, 2º<sup>s</sup>, 3º<sup>s</sup>, C. Sociais 6º B e  
Psicomotricidade en E. I.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Díaz Fiúza: Música Primaria e E. Infantil.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Matilde González Iglesias: Relixión en Primaria e E.I.  
(COORDINADORA AAEE).**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Blanco Fernández: Relixión aos mércores a 6º B, 4º<sup>s</sup> E.I. e  
1º B.**

## **PEDAGOXÍA TERAPEUTICA:**

**D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> Barata Quintas.**  
**D<sup>a</sup> Ana Luisa Garrido Vila.**  
**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucita Gamallo Santos.**  
**D. Manuel Álvarez Fernández.**

## **AUDICION E LINGUAXE:**

**D<sup>a</sup> Estela Cid Núñez.**  
**D<sup>a</sup> Vanesa M<sup>a</sup> Villar García. Substituída por D<sup>a</sup> Beatriz Carro Suárez.**

## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:**



**D<sup>a</sup> Mónica Hernán López.**

**COIDADORAS:**

**D<sup>a</sup> Etelvina Quintas Sanmiguel.**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Míguez Fernández.**

#### **4.3.- PERSOAL ADMINISTRATIVO E DE SERVICIOS:**

**2 Conxerxes**, funcionario do Concello.

**D. Manuel Domínguez Ferreiro.**

**D<sup>o</sup> Germán De la Iglesia Cabezudo**

**2 Administrativa.**

**D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Barreiros Fuentefría.**

Persoal de Limpeza, contratada pola Empresa concertada co Concello.

#### **4.4.- ALUMNADO:**

Estatística:

INFANTIL

4<sup>o</sup> A = 23

5<sup>o</sup> A = 25

6<sup>o</sup> A = 25

4<sup>o</sup> B = 24

5<sup>o</sup> B = 25

6<sup>o</sup> B = 25

PRIMARIA

1<sup>o</sup> A = 24

2<sup>o</sup> A = 24

1<sup>o</sup> B = 25

2<sup>o</sup> B = 25

3<sup>o</sup> A = 25

4<sup>o</sup> A = 25

3<sup>o</sup> B = 25

4<sup>o</sup> B = 25

5<sup>o</sup> A = 26

6<sup>o</sup> A = 25

5<sup>o</sup> B = 26

6<sup>o</sup> B = 25

**TOTAL = 447**

## **5.- ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:**

### **5.1.- Comisión de Coordinación Pedagógica:**

Estará integrada polo Director, como presidente, a Xefa de Estudos, a Coordinadora de E. I., D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Rodríguez Rodríguez, a Xefa do Departamento de Orientación: D<sup>a</sup> Mónica Hernán López, Coordinadora do equipo de Dinamización da Lingua Galega, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> de la Salud Rodríguez Fernández, Coordinadora de Actividades Complementarias e Extraescolares D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Matilde González Iglesias, D. Celso Blanco Cadahía, D<sup>a</sup> Ana Luisa Garrido Vila, D. Francisco Javier Souto Lamas Actuando como Secretaria D<sup>a</sup> Mónica Hernán López.

Esta Comisión, terá as súas reunións, todos os 4<sup>os</sup> Martes De cada mes, e cantas outras se consideren necesarias.

Levará a cabo a revisión e as posibles modificacións do PE e do NOF, e todos os problemas de carácter pedagógico que xurdan no Centro

### **5.2.- Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

## **Equipo de Dinamización da Lingua Galega (2019-20)**

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) pretende lograr unha valoración positiva e de utilidade do uso da lingua galega, fomentando o uso do galego en toda a comunidade educativa, a través do seguinte camiño:

### ***I.OBXECTIVOS***

1. Acadar unha visibilidade permanente da lingua galega no centro, tanto nas aulas como fóra delas.
2. Reforzar o uso do galego a través de diferentes actividades: contos, cancións, retahílas, poesías, adiviñas, etc. ,promovendo a participación das familias a prol da dinamización da lingua galega.

### ***II. PLANS DE ACTUACIÓN*** realizables e adecuados á realidade do centro:

- A) PLAN XERAL: medidas dinamizadoras que potencien o uso do idioma galego no centro:

1. Presenza da lingua galega na vida do centro: documentos oficiais escritos (actas, convocatorias, etc), comunicacións orais (assembleas, claustros, reunións), símbolos, documentos de planificación educativa, documentos de seguimento e control(memoria, boletíns de información aos alumnos/as...), interrelación co contorno socio-familiar.
PATINAXE (Ocitem)	Sábados	12:00 a 13:00	Todos os públicos	12€/mes	De setembro a xuño

\* Os mércores de 16:00 a 17:00 h o fútbol desenvolverase no pavillón do Espazo Xove (Casa da Xuventude)

<b>LUGAR: Salón de Actos CEIP Mestre Vide</b>					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
WUSHU	Martes e venres	16:00 a 17:00	Primaria	12€/mes (1 día)	De outubro a maio
	Martes e venres	17:00 a 18:00	Infantil	24€/mes (2 días)	
TEATRO	Luns e mércores	16:00 a 17:00	A partir de 6 anos	20€/mes	De setembro a xuño
ESGRIMA HISTÓRICA	Luns e mércores	17:00 a 18:00	Primaria	25€/mes	De outubro a maio

<b>LUGAR: Biblioteca CEIP Mestre Vide</b>					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
ENGLISH (Educa3)	Mércores	16:00 a 17:00	Infantil	18€/mes	De outubro a xuño
	Luns e mércores	16:00 a 17:00	Primaria	36€/mes	

<b>LUGAR: Aula 3º Piso CEIP Mestre Vide</b>					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
PINTURA	Luns e mércores	16:00 a 17:00 17:00 a 18:00	A partir de 6 anos	20€/mes	De setembro a xuño

**CADRO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O CURSO 2019/2020  
CON CONVENIO COA ANPA (FÓRA DO CENTRO)**

LUGAR: Campus Universitario					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
NATACIÓN (AQA)	Martes e/ou xoves	17:15 a 18:00	3 a 6 anos	30€/3m (1 día)	De outubro a xuño
		17:15 a 18:00	A partir de 6 anos	60€/3m (2 días)	
ATLETISMO	Martes e xoves	18:30 a 19:30	Infantil e Primaria	105€/ano	De outubro a xuño
RUGBI	Martes e xoves	19:00 a 20:00	Primaria	12€/mes	De setembro a xuño Contacto: 600512445

LUGAR: 4º Piso Casa da Xuventude					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
XADREZ	Luns e mércores	17:30 a 18:30	Primaria	100€/ano	De outubro a maio Contacto:658288029

LUGAR: Polideportivo Instituto das Lagoas					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
VOLEIBOL	Martes e xoves	16:00 a 17:00	5º/6º Primaria	120€(Dtto socios)	De outubro a maio
BÁDMINTON	Luns e mércores	18:00 a 19:30	Infantil e Primaria	25€ Matrícula	De outubro a maio
	Martes e xoves			15€/mes	

LUGAR: Ximnasio Trabazos					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
NATACIÓN TAEKWONDO	<i>Por determinar</i>		Infantil e Primaria	11€ Matrícula + Cuota	De setembro a xuño

LUGAR: Escola Sabrosura					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
BAILE & FITNESS	Consultar na escola: 988105515 / 622105515		Infantil e Primaria	Desconto 10%	De setembro a xuño

LUGAR: Escola de Danza Estilo Libre					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
BAILE (Distintas modalidades)	Consultar na escola: 634916663 <a href="http://www.escolaestilolibre.com/">http://www.escolaestilolibre.com/</a>		Infantil e Primaria	Desconto 10%	De setembro a xuño



LUGAR: Aula Psicomotricidade CEIP Mestre Vide					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
INTELIXENCIA EMOCIONAL	Martes	16:00 a 17:00	4º e 5º Infantil	15€/mes	De outubro a xuño
	Venres	16:00 a 17:00	6º Inf e 1º Primaria		
EXPRESIÓN CORPORAL	Luns e mércores	16:00 a 17:00	A partir de 3 anos	17€/mes	De setembro a xuño

LUGAR: Aula Informática CEIP Mestre Vide					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
ROBÓTICA	Venres	16:00 a 17:00	1º a 3º Primaria	18€/mes	De outubro a xuño Inscripcións: <a href="http://www.playcodeacademy.com">www.playcodeacademy.com</a>
		17:00 a 18:00	4º a 6º Primaria		

LUGAR: Polideportivo Espazo Xove (Casa da Xuventude)					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
PATINAXE (ROLLER)	Martes	16:00 a 17:00	Iniciación	15€ Matrícula (12,5€ 2º hermano) 45€/trimestre	De outubro a xuño Inscripcións: 667093821
		17:00 a 18:00	Novos alumnos		
	Xoves	16:00 a 17:00	Nivel Intermedio		
XIMNASIA ACROBÁTICA (Trampolín)	Xoves	17:00 a 18:00	Infantil e Primaria	55€/ano (1 día) 110€/ano (2 días)	De outubro a maio

LUGAR: Patios exteriores do CEIP Mestre Vide					
ACTIVIDADE	DÍAS	HORARIO	IDADES	PREZO	DURACIÓN
CICLISMO PARA TODOS	Martes	17:15 a 18:15	A partir de 3 anos	15€/mes	De outubro a xuño

**POSIBLES ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (SEN CONCRETAR):**

BOLEIVOL	Lugar: Polideportivo do CEIP Mestre Vide
----------	--



## Convenio de colaboración

Dunha parte, **D. Xosé Dosíteo Veiga Alonso**, con DNI 34983274k actuando en nome e representación de D3N3 - Linguas, educación e ciencia (D3N3), con NIF: 34983274K e enderezo na rúa Jesús Soria, 27 - 4º C, 32002 de Ourense,

Doutra parte, D. Juan M. regal Lamelo actuando en nome e representación do centro escolar **CEIP MESTRE VIDE** (en diante Centro Educativo) na súa calidade de DIRECTOR

### EXPOÑEN QUE:

Dunha parte, D3N3 adoptou os acordos precisos co centro de educación superior Grand Valley State University (en diante GVSU) de Michigan (Estados Unidos de América) e coas 15 universidades integradas no Consortium for Overseas Student Teaching (en diante COST), para a participación de estudantes e/ou traballadores desta institución en varios programas, a desenvolver en Galicia.

Estes programas son:

- Teacher Assisting, no que estudantes de carreiras de ensino realizan estadias de mes e medio de duración, aproximadamente, en centros escolares
- COST, consorcio de 18 universidades estadounidenses que neste momento se coordina desde a GVSU no que estudantes de grao realizan estadias cunha duración variable, que pode ir desde 1 mes a 2 meses en centros escolares.

Cada un dos programas ten as súas características particulares, se que presentan no anexo adxunto.

Tanto D3N3 como Centro Educativo recoñecen on interese destes programas para favorecer un ensino de calidade. Tanto na posibilidade que supón para os escolares na mellora das súas capacidades lingüísticas en inglés como no que implica de intercambio cultural.

Por todo iso, manifestan o seu interese en colaborar nestes dous programas suxeito as seguintes

### CLÁUSULAS

1. D3N3 e o persoal por ela designado será a única interlocutora válida ante a GVSU e o COST para resolver asuntos administrativos e referentes a estes programas no que se refira á participación de Centro Educativo.
2. Centro Educativo indicará a D3N3, antes de cada curso escolar no prazo e forma que se acorden, que materiais do seu centro se imparten en lingua inglesa.
3. D3N3 designará aos estudantes que irán a cada centro educativo en función das prazas ofertadas polo centro escolar e o perfil académico dos estudantes da GVSU, ademais do número de estudantes que se envíen ao centro atendendo á capacidade de acollimento de Centro Educativo. O mesmo para o programa COST.
4. Ámbolos dous programas (Teacher Assisting da GVSU e COST) forman parte do ensino oficial superior do sistema educativo estadounidense. Os estudantes participantes non terán en ningún caso vencello profesional nin laboral con Centro Educativo.
5. Os estudantes participantes están a desenvolver o equivalente a unhas prácticas preprofesionais e, por iso, nunca poden estar sós na aula cos alumnos/as do centro.



**C.E.I.P. MESTRE VIDE**

6. Os estudantes participantes en ámbolos dous programas contan cos seus respectivos seguros médicos individuais. Calquera atención médica que precisen correrá pola súa conta.
7. Os estudantes reciben de D3N3 a información necesaria que facilite a súa integración tanto no sistema educativo galego como no tipo de vida da nosa cidade. Con todo, desde Centro Educativo realízase o esforzo necesario para favorecer que os estudantes teñan unha boa experiencia multicultural e unha práctica educativa completa.
8. Por parte de Centro Educativo designarase unha persoa que actúe de interlocutora única con D3N3, que poida xestionar as dúbidas dos estudantes e que poida resolver os posibles problemas que vaian xurdindo. A interlocución realízase de forma preferente por correo electrónico e/ou teléfono.
9. Esta colaboración entre D3N3 e Centro Educativo non terá ningún custe económico.
10. Centro Educativo recibirá a persoal designado por D3N3 nunha visita comercial durante a cal se lle ofrecerán diversos servizos educativos e extraescolares, sen ningún compromiso por parte de Centro Educativo.
11. D3N3 poderá ofertar ás familias dos escolares de Centro Educativo a posibilidade de acoller a algúns dos estudantes da GVSU no réxime que se determine. Esta oferta realízase ao través da Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as de Centro Educativo ou mediante cartelería no centro ou mediante circular enviada aos escolares, segundo se determine en cada centro.
12. Os estudantes desenvolverán a súa estadia en Centro Educativo en horas e días lectivos, coas especificidades que se recollen no anexo según o programa.
13. No caso de que algún dos estudantes falte a algunha das clases que teña programada, desde Centro Educativo se comunicará inmediatamente a D3N3 esta circunstancia.
14. Independentemente da ideoloxía do centro escolar, os estudantes non terán obrigação de participar en ningunha materia e/ou actividade relixiosa ou confesional.
15. Nos centros nos que o seu persoal teña que asinar algún tipo de documento de confidencialidade ou similar, este deberá ser remitido a D3N3 para tramitar a sinatura do mesmo por parte do estudante asignado.
16. Centro Educativo poderá empregar na súa web institucional a imaxe corporativa do programa COST e/ou da Universidade GVSU durante a vixencia deste convenio.



## ANEXOS


### Teacher Assisting (GVSU)

1. Os días lectivos para estes estudantes serán de luns a venres, cun total de 16-20 horas en función da dispoñibilidade de Centro Educativo (sen pasar nunca das 20 semanais). Algún día puntual non poderán acudir o venres ao Centro Educativo pola realización dalgunha viaxe integrada na súa estadia na cidade.
2. Algunhas das horas poderán ser adicadas á programación de actividades para as clases, sobre todo según avance o programa e os estudantes vaian adquirindo unha maior capacitación.
3. O número de grupos diferentes nos que os estudantes fagan as súas prácticas será o máis pequeno posible.
4. O número de mestres diferentes cos que deberán estar os estudantes será tamén o máis pequeno posible, sendo o ideal a cantidade de 2.
5. A GVSU designará un profesor/a titor/a que estará na cidade de Ourense atendendo a estes estudantes. Este titor/a poderá comprobar in situ o desenvolvemento da práctica docente dos estudantes, sempre en horario acordado con Centro Educativo.

### COST

1. Terán que facer as mesmas horas lectivas que os mestres/profesores en función do nivel educativo no que estean destinados: Primaria ou Secundaria.
2. O seu horario lectivo pode ser de luns a venres.
3. Aprezaráse certa flexibilidade na distribución horaria que facilite xestionar o número de grupos diferentes. Así, o estudante pode ter 20 horas de clase presencial e 5 horas de de conversación extracurricular ou actividades extraescolares.
4. Tratarase de reducir ao máximo posible o número de grupos diferentes nos que estea o estudante.
5. Centro Educativo deberá designar un/unha Cooperating Teacher que recabe información dos outros mestres/profesores que traballen cos estudantes COST.
6. A persoa responsable de Centro Educativo deberá escribir un informe (pola Rede) ao final da Práctica sobre a experiencia do/a estudante. Os estudantes levan materiais e instrucións da responsable do programa COST, Sherie Williams, que facilitará esta tarefa. O número de informes dependerá en todo caso da universidade da que proveña o estudante COST.

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE O CEIP MESTRE VIDE E A  
UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS



REÚNENSE:

Dunha parte, Salustiano Mato de la Iglesia, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 90/2010, do 10 de xuño, publicado no *Diario Oficial de Galicia (DOG)* núm. 114, do 17 de xuño de 2010, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no *DOG* núm. 21, do 2 de febreiro de 2010 (*BOE* núm. 69, do 20 de marzo de 2010).

Doutra, Juan M. Regal Lamelo, (director), en representación do CEIP MESTRE VIDE e con enderezo social na rúa de Paseo Mestre Vide, núm. 4, de Ourense e CIF Q8255034D.

Ambas as partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de cooperación educativa e

EXPOÑEN:

- 1 Que o interese de ambas as entidades é facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas das empresas e a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.
- 2 Con este fin, e ao abeiro do establecido no Real decreto 1707/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas de estudantes universitarios, acordan establecer un convenio de cooperación educativa sometido ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA

O obxecto deste convenio é regular un programa de prácticas académicas externas entre a Universidade de Vigo e o CEIP MESTRE VIDE para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas da empresa relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo. Así, promoverase o futuro desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral das futuras persoas tituladas universitarias.

## SEGUNDA

Dado o carácter formativo das prácticas académicas externas, da súa realización non se derivarán en ningún caso obrigas propias dunha relación laboral nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia de postos de traballo.

## TERCEIRA

A Universidade de Vigo axustarase á normativa aprobada para tramitar, xestionar e difundir as prácticas académicas externas.

De acordo coa devandita normativa, a Universidade de Vigo poderá delegar nunha entidade xestora a execución de prácticas externas extracurriculares. En virtude do convenio asinado para tal efecto entre a Universidade de Vigo e a Fundación Universidade de Vigo, a tramitación, a xestión e a difusión das prácticas externas extracurriculares será responsabilidade da Fundación Universidade de Vigo (Fuvi).

## CUARTA

1 Poden realizar prácticas académicas externas:

- a) O alumnado matriculado en calquera ensinanza impartida pola Universidade o polos centros adscritos a esta.
- b) O estudiantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que, por razón de programas de mobilidade académica ou de convenios establecidos entre elas, se atopen cursando estudos na Universidade de Vigo ou nos centros adscritos a esta.

2 Para realizar as prácticas externas o alumnado deberá cumprir, cando proceda, os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na ensinanza universitaria á que se vinculan as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que adquirirá ao realizar a práctica.
- b) No caso de prácticas externas curriculares, estar matriculado na materia vinculada, segundo o plan de estudos de que se trate.
- c) Non manter ningunha relación contractual coa empresa, institución ou entidade pública ou privada, ou a propia universidade en que se van realizar as prácticas, salvo unha autorización conforme a normativa interna de cada universidade.

#### SEXTA

De conformidade coa normativa vixente, o período de prácticas non constitúe, baixo ningún concepto, unha relación laboral entre o alumnado e o CEIP MESTRE VIDE nin coa Universidade de Vigo ou a entidade xestora.


Non poderá formalizarse un contrato de traballo entre a empresa e o estudiantado mentres non finalice a práctica.

#### SÉTIMA


O CEIP MESTRE VIDE poderá concederlle a cada estudante seleccionado unha bolsa mensual para realizar prácticas académicas externas, axustándose á normativa complementaria desenvolvida pola Universidade.

#### OITAVA

Segundo a Resolución da Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, do 25 de marzo de 1999, as prácticas en empresas que realicen as e os estudantes ao amparo do Real decreto 1707/2011, do 18 de novembro, estarán cubertas polo seguro escolar, sempre que sexan organizadas ou autorizadas segundo o disposto polo devandito real decreto e que o alumnado estea matriculado e ao corrente do pago do citado seguro.

 A Universidade de Vigo ten subscrito ademais un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes, complementarios ao seguro escolar.

#### NOVENA

 As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de realizar o servizo, que non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o disposto no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da mencionada lei orgánica e, en todo momento, as disposicións vixentes na materia.

#### DÉCIMA

Este convenio non supón ningún gasto para a Universidade de Vigo, polo que non se precisa consignación orzamentaria.

#### DÉCIMO PRIMEIRA

Créase unha comisión paritaria de seguimento do presente convenio integrada por:

O Vicerreitor de Transferencia do Coñecemento ou persoa en quen delegue, en representación da Universidade de Vigo.

O representante da Entidade colaboradora que asina o presente Convenio ou persoa en quen delegue, en representación do CEIP MESTRE VIDE.

Esta comisión resolverá os problemas que suscite este convenio na súa execución, garantirá o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos e proporalles ás entidades outorgantes xeitos de aumentar a súa eficacia. Reuniranse cando así o considere oportuno cada unha das partes.

#### DÉCIMO SEGUNDA

1 Este convenio entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e terá unha duración dun ano. Prorrogase automaticamente por un período igual de tempo, salvo unha denuncia expresa por algunha das partes, que deberá comunicalo cunha antelación mínima dun mes antes do seu vencemento.

2 O presente convenio poderá rematar ademais polas seguintes causas:

a) Por acordo mutuo das persoas asinantes.

b) Se se producisen circunstancias que fixesen imposible realizar as actuacións previstas no convenio.

c) Polo incumprimento dos compromisos e das obrigas establecidas no presente convenio.

3 Se no momento da rescisión algún ou algunha estudante estivese realizando prácticas, continuará estas ata o remate establecido.

4 Coa sinatura deste convenio queda derogado calquera outro que coa mesma finalidade asinaran as partes.

#### DÉCIMO TERCEIRA


1 O CEIP MESTRE VIDE e a Universidade de Vigo comprométense a resolver de xeito amistoso calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio.





2 As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión mixta paritaria. Os conflitos que poidan xurdir polas partes, e que non se poidan resolver na comisión mixta, someteranse á resolución da xurisdición contencioso-administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E, como proba de conformidade, as partes comparecentes asinan por triplicado o presente convenio, no lugar e data indicados a continuación.

Ourense, 22 de outubro de 2013

O reitor da Universidade de Vigo  
P.D. (R.R. 11/09/2013)  
A vicerreitora do campus de Ourense  
  
Asdo: María Lameiras Fernández  


O director do CEIP Mestre Vide:  
  
Asdo: Juan M. Regal Lameiro  




**CONVENIO PARA EL DESARROLLO DE PROGRAMAS DE COOPERACION  
EDUCATIVA ENTRE LA UNIVERSIDAD CAMILO JOSÉ CELA Y CEIP MESTRE VIDE**

En Madrid, a 15 de octubre de 2019

**COMPARECEN**

De una parte, la Sra. D<sup>a</sup>. Cristina María Torres Muñoz, con DNI nº 53.442.195-Q, como Coordinadora de Carreras Profesionales de la Universidad Camilo José Cela (en lo sucesivo UCJC), con CIF nº A-79/336947 y sede en Villafranca del Castillo (Madrid), calle Castillo de Alarcón, nº 49, en nombre y representación de la misma en virtud de las atribuciones conferidas.

De otra parte, D./D<sup>a</sup> JUAN MANUEL REGAL LAMELO, con NIF nº 34931914C, como DIRECTOR de CEIP MESTRE VIDE, en adelante ENTIDAD COLABORADORA, conocida comercialmente como CEIP MESTRE VIDE, con CIF nº Q8255034D, con domicilio social en PASEO MESTRE VIDE Nº 4 en nombre y representación de la misma en virtud de las atribuciones conferidas.

Ambas partes intervienen en la representación y con las facultades que sus respectivos cargos les confieren en Derecho para formalizar el presente Convenio de Cooperación Educativa.

**ACUERDAN**

La realización de un Programa de Cooperación Educativa a través del cual los estudiantes de la UCJC puedan acceder a las técnicas y metodología de la ENTIDAD COLABORADORA como complemento práctico a su formación, con las siguientes condiciones:

**PRIMERA. MARCO LEGAL**

El presente Convenio se acoge a la normativa vigente sobre prácticas académicas externas de estudiantes universitarios.

**SEGUNDA. OBJETO DEL CONVENIO EMPRESA**

La ENTIDAD COLABORADORA acogerá a estudiantes de la UCJC, en régimen de prácticas y formación.



### **TERCERA. CRITERIOS DE SELECCIÓN DEL ALUMNO**

La Dirección de la UCJC efectuará una selección previa de alumnos que pueden acceder a estas prácticas valorando el expediente académico y las circunstancias personales. Esta relación de seleccionados será remitida a la ENTIDAD COLABORADORA para su posterior estudio y selección.

### **CUARTA. CONDICIONES DE LA CONVOCATORIA**

La convocatoria de plazas, estudiada previamente por la Dirección de la ENTIDAD COLABORADORA establecerá los requisitos a reunir por los candidatos.

### **QUINTA. RELACIÓN ALUMNO-EMPRESA**

Los alumnos no tendrán en ningún caso vinculación o relación laboral con la ENTIDAD COLABORADORA ni siquiera en lo previsto en la normativa laboral vigente sobre contratación en prácticas o para la formación. Por lo mismo, quedan expresa y absolutamente excluidos de la legislación laboral.

No obstante, los alumnos que perciban una contraprestación económica, cualquiera que sea el concepto o la forma en que se perciba, quedan asimilados a trabajadores por cuenta ajena, a efectos de su inclusión en el Régimen General de la Seguridad Social, según lo establecido por el Real Decreto 1493/2011, de 24 de octubre, por el que se regula los términos y las condiciones de inclusión en el Régimen General de la Seguridad Social de las personas que participen en programas de formación, quedando obligada la ENTIDAD COLABORADORA a tramitar el alta de dichos alumnos.

### **SEXTA. PROYECTO FORMATIVO**

La ENTIDAD COLABORADORA asesorará a la Dirección de la UCJC en el plan formativo que deberá cumplir el alumno para obtener, de esta manera, un mejor resultado académico y formativo del estudiante. El seguimiento y control de este plan será realizado por la persona (Tutor de Prácticas) que la ENTIDAD COLABORADORA estime oportuno, y por un Tutor Académico de la UCJC.

### **SEPTIMA. OBLIGACIONES DEL ALUMNO**

El alumno se comprometerá a:

Aprovechar al máximo las posibilidades de formación práctica que la ENTIDAD COLABORADORA ofrezca.

Realizar los trabajos relacionados con el programa de formación que la ENTIDAD COLABORADORA y UCJC hayan acordado.



resolución y efectos que pudieran derivarse de la aplicación del presente Convenio Marco, deberán de solventarse por una Comisión Mixta, compuesta por dos representantes de la Universidad Camilo José Cela y dos representantes de la ENTIDAD COLABORADORA.

Si no se llegara a un acuerdo, dichas cuestiones litigiosas serán de conocimiento y competencia del orden jurisdiccional ordinario.

Así lo otorgan y convienen las partes comparecientes, firmando el presente Convenio en Madrid, a 15 de octubre de 2019.

UNIVERSIDAD CAMILO JOSÉ CELA

Aceptación y registro electrónicos

Cristina María Torres Muñoz


CEIP MESTRE VIDE

Aceptación y registro electrónicos

JUAN MANUEL REGAL LAMELO

# CEIP MESTRE VIDE

## CURSO 2019/2020



I Plan de actuacións para a Igualdade  
nos centros educativos de Galicia  
2018-2020

IGUALDADE  
DE XÉNERO

## 1 Introducción.

## 2 Contextualización normativa e do centro.

### 2.1 Marco normativo

### 2.2 Contexto do CEIP MESTRE VIDE.

Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

## 4 Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero. 4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

## 5 Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1 Organización do centro.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

6 Seguimento e avaliación PLAN DE IGUALDADE 2 CEIP MESTRE VIDE – Ourense/M  
Paseo Mestre Vide nº 4 s/n 32004 T. 988 238551 | cód.Centro 32015669 | CIF Q8255034D  
ceip.mestre.vide.ourense@edu.xunta.es [www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestre](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestrevide) vide.

## 1 Introducción.

Educación é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducación implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta a violencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e das situacións de violencia entre os rapaces e as rapazas. Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo. É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria. Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un plan de Igualdade de centro no que se recollan as medidas que se van desenvolver ensinalles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

## 2 Contextualización normativa e do centro.

2.1 Marco normativo O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero non nace só da vontade das autoridades públicas, senón que ademais ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara. Máis alá do principio lexislativo de transversalidade, que obriga a que a que o obxectivo da igualdade de xénero estea presente en todas as políticas públicas e na acción administrativa, no caso concreto da educación, o lexislador asume a súa importancia estratéxica para a consecución da igualdade. A Constitución española de 1978 reconeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal. No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral. **ÁMBITO ESTATAL** No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e **PLAN DE IGUALDADE** das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero. O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”. No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”. A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece: Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes. O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre



unhas e outros. Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións.

A. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

B. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.

C. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.

D. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

E. A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

F. O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia". **ÁMBITO AUTONÓMICO** No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece: Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

A. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

B. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

C. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por

dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

D. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

E. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

F.A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero. Artigo 18. Erradicación de prexuizos nos centros docentes. 1.

G.Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas". Por outra parte o artigo 19 refírese á integración da igualdade na formación profesional dispoñendo: "No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres". Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos. Tamén os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais teñen como denominador común a presenza deste obxectivo. Do mesmo xeito, a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución. Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte: Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de

estudos A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos. Artigo 23. Actitudes A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero. Artigo 24. Formación do persoal docente Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito. Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia. Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade 1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso. 2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais". Por outra parte o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos "prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual". Así mesmo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar "os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual". O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e contera actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Así pois, entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Do mesmo xeito, será tamén un principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos. Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinalase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que

permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas. Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

### 2.2 Contexto do CEIP Mestre Vide.

O contorno O centro está situado no límite da zona vella coa moderna da cidade, dentro dunha zona peonil con facilidade para o acceso dos alumnos e alumnas. Conta cunha comunicacións excelentes, as liñas de transporte urbano teñen parada nas inmediacións o que permite o acceso os vehículos de transporte sen perigo para eles. Nas inmediacións conta con varias áreas de espaxamento e no entorno máis próximo sitúanse varios centro de interese artístico e cultural (teatro, salas de exposicións, auditorio...) As familias O tipo de familia do alumnado do CEIP MESTRE VIDE é basicamente urbano. Por norma xeral traballan ámbolos dous proxenitores. Existe unha porcentaxe a ter en conta de familias monoparentais e/ou de familias formadas polos fillos e irmáns e pais non biolóxicos. Nos últimos anos apréciase un aumento de familias estranxeiras, maioritariamente de América Latina. A asistencia das familias ás reunións cos titores no comezo do curso é menor nos niveis superiores, son poucos os que se poñen en contacto cos titores para tratar temas relacionados cos seus fillos, presenten dificultades ou non. A asociación de nais e pais do centro colabora efectivamente co centro e xestiona diferentes actividades extraescolares.

#### Unidades do centro. Profesorado

O noso centro ven funcionando con SEIS unidades de EI e 12 unidades de Educación Primaria. A ratio, en Educación Infantil é de 25 alumnos por aula , e doce cursos de 25 en primaria . O cadro de profesores está formado por 6 profesores-titores de Educación Infantil máis dúas mestra de apoio e doce profesores-titores de Educación Primaria, especialistas de Inglés, Música, Educación Física e Pedagogía Terapéutica.A.L. . O equipo directivo, dado o número de unidades do centro, está formado polo director, a secretario e a xefa de estudos. O centro conta con 2 conserxes no horario lectivo do centro..

#### Actividades do centro

O centro participa con diferentes institucións e organiza ao longo do curso diferentes actividades de fomento da lectura, en pro da cultura galega, de mellora do ambiente, de educación en valores e da cultura da paz.

Servizos do centro .

Todos os servizos que se ofrecen ás familias fóra do horario escolar están xestionados polo CENTRO OU ANPA.

- Acollida temperá, que funciona en horario de 7:30 a 9:00 horas.
  - Servizo de Comedor Escolar de 14:00 a 16:00 horas, xunta. centro.
  - Actividades extraescolares en horario de 16 a 19 (teatro, informática, patinaxe, ludoteca, baloncesto, fútbol, robótica...).
- ### 3 Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
- Consideramos que a existencia desta problemática no noso centro pode considerarse baixa ou moi baixa. Non existen apenas casos de violencia no centro, máis aló de sucesos ocasionais e excepcionais e, en ningún caso, relacionados ou motivados pola diferenza de xénero. En canto a LGTBIfobia tampouco se aprecia un rexeitamento cara este colectivo, e a comunidade educativa mostrase na súa maioría tolerante e respectuosa. No campo no que se poden ver maiores dificultades é no dos roles de xénero. Aínda abundan na nosa sociedade certos estereotipos relacionados cos roles que deben desempeñar as persoas en canto o xénero, que se reflicten nos comportamentos do noso alumnado e, seguramente, no noso propio, máis do que nos gustaría recoñecer. Con todo, este plan trata de aplicar medidas e promover actuacións, non só para corrixir as condutas ou ideas preconcebidas inadecuadas, se non tamén para previr, educar e concienciar a toda a comunidade

educativa para a igualdade efectiva en todos os ámbitos da vida con independencia do xénero e/ou a orientación sexual.

#### 4 Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

4.2 • Promover o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.

Desenvolver valores persoais e sociais que promovan esta igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha verdadeira igualdade de oportunidades na vida profesional.

4.3 • Fomentar a superación de estereotipos, prexuizos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades e xerarquías sociais baseadas nestes estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuizos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.

4.4 • Educar para aprender a vivir en equidade ao longo da vida. As tarefas da vida doméstica e o coidado das persoas deberían asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres. É necesario contrarrestar os posibles estereotipos de dominación e dependencia aínda moi arraigados na sociedade.

4.5 • Promover a autonomía persoal. A aprendizaxe dos coñecementos relacionados coas tarefas e responsabilidades domésticas, que antes se consideraron esenciais para o desenvolvemento das funcións sociais das mulleres, debe ser hoxe unha necesidade para todos os mozos, dun sexo e do outro, e debe ser promover a autonomía persoal para afrontalos.

4.6 • Educar en igualdade no deporte e na actividade física. Necesitamos promover a equidade nesas áreas, tendo en conta as diferenzas entre mulleres e homes, pero sen limitar as súas posibilidades. Aínda que hai prácticas físico-deportivas estruturalmente máis relacionadas con mulleres ou homes, debería facilitarse unha elección libre e non estereotipada.

4.7 • Incluír a igualdade nos plans de formación do profesorado. Estes plans deben promover o respecto aos dereitos e liberdades, o exercicio de tolerancia, prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, igualdade de dereitos e obrigas entre homes e mulleres tanto no ámbito público. como privado, corresponsabilidade no ámbito doméstico, etc. Prestarase especial atención á detección precoz de violencia física ou psicolóxica tanto na escola como na familia.

#### 4.8 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

4.9 • Educar na prevención da violencia de xénero. É necesario erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidacións ou calquera outra estratexia de coacción. Debe visualizarse tamén sinalando exemplos concretos do que se denominou "micromachismo", é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizais lexitimados polo ambiente social, pero que supoñen unha violencia sutil contra as mulleres e constitúen unha forma deplorable de acoso.

4.10 • Educar na detección de posibles casos de abuso ou acoso. É necesario indicar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre as formas de reacción, tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.

4.11 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. • Educar sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.

4.12 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia. • Implantar pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

### 5 Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

#### 5.1 Organización do centro.

• Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo. ◦ O Consello Escolar está actualmente formado por 9 mulleres e 6 homes, igualmente nas comisións dentro do consello escolar contamos con representación de homes e mulleres.

• Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade. ◦ Actualmente hai un membro do consello escolar responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres que participará no impulso do Plan de igualdade.

• Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (especialmente ás familias) ◦ Difundiremos este plan a través da páxina web do centro, como un medio accesible para todos e respectuoso co medio ambiente.

• Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade. ◦ Este ano o profesorado participará en cursos de formación en materia de igualdade que oferte o CFR como é o caso do curso "Educar para a igualdade nas relacións afectivo-sexuais". ◦ O alumnado tamén terá xornadas de formación en materia de igualdade, tanto de profesionais

externos ó centro como por parte dos seus propios mestres.

- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro. ◦ O profesorado do centro emprega unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro, así mesmo os documentos do centro.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas. ◦ Estamos en colaboración con entidades para a realización de actividades coeducativas (ver anexos).
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 PLAN DE IGUALDADE de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.). ◦ Na semana do 25 de novembro realizarase un obradoiro para previr a violencia de xénero. ◦ Na semana do 8 de marzo realizaranse actividades relacionadas co día internacional da muller.

## 5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade... ◦ Proponse ó profesorado que revise as programacións para dar visibilidade ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber. ◦ O centro adquiriu para a biblioteca os libros Pioneiras 1 e Pioneiras 2, e realizou un encontro coa autora do mesmo
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades). ◦ Solicítase o profesorado e a toda a comunidade educativa que nos informe de calquera aspecto que supoña un estereotipo de xénero.
- Realizar actividades de sensibilización na aula. ◦ Dentro das normas de cada titoría e dentro dos contidos transversais relacionados co respecto ós compañeiros e compañeiras, farase fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres.
- Cando sexa posible, aproveitaranse as actividades curriculares para reflexionar sobre os estereotipos na sociedade.

## 5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar. ◦ Adquiríronse títulos con contidos coeducativos e adquiríranse máis ó longo do curso
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro. ◦ O profesorado do centro procurará que os contidos audiovisuais utilizado nas actividades do centro respecten a igualdade e a diversidade afectivo-sexual.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión. ◦ Procuraremos organizar o patio para favorecer a inclusión e xogos inclusivos (rocódromo, comba, xogos con balón nos que participen nenos e nenas,...)
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos. ◦ Este curso coa inclusión da materia de robótica (pendente de aprobación pola consellería), pretendemos, entre outros obxectivos, realizar proxectos de innovación e tecnoloxía de maneira colaborativa
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico- tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc. ◦ Todas as actividades artísticas, tecnolóxicas, deportivas, realizadas no centro son integradoras e realizadas independentemente por nenos e nenas.

#### 5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes. ◦ Entre as normas de comportamento do centro incídese no respecto entre todas as persoas.
  - Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero. ◦ Dentro do respecto a diversidade incídese e na necesidade de respectar as diferentes características de todas as persoas xa sexan por razón de raza, xénero, diversidade sexual, capacidades,...
  - Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas. ◦ No ámbito das actividades recollidas no plan de convivencia creamos un equipo de mediadores que se corresponsabilizan na tarefa de velar polo cumprimento das normas, o respecto entre compañeiros e compañeiras e a resolución pacífica de conflitos.
- 6 Seguimento e avaliación Este plan é un documento dinámico que se irá adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso escolar, realizarase unha avaliación continua do cumprimento dos obxectivos do plan, para poder axustar e engadir novas actuacións ou retirar algunha que non se poida levar a cabo. Ó final de curso realizarase unha avaliación do cumprimento dos obxectivos a través dos seguintes indicadores.
- Respecto da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. ◦ Promoveuse o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres. ◦ Fomentouse a superación de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc. ◦ Educouse para a corresponsabilidade doméstica e de coidado das persoas. ◦ Conseguiuse contrarrestar os estereotipos de dominación e dependencia. ◦ Promoveuse a autonomía persoal. ◦ Promoveuse a igualdade no deporte e na actividade física. ◦ Incluíuse a igualdade nos plans de formación do profesorado.
  - Respecto da prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero. ◦ Educouse na prevención da violencia de xénero. ◦ Visualizouse con exemplos concretos pequenas actitudes ou comentarios, que supoñen unha violencia contra as mulleres. ◦ Educouse na detección de posibles casos de abuso ou abuso. ◦ Déronse pautas sobre como actuar tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.
  - Respecto da promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. ◦ Educouse sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.
  - Respecto da prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia. ◦ Implantáronse pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación. Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.



# PLAN PERÍODO DE ADAPTACIÓN EN EDUCACIÓN INFANTIL

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. Xustificación legal.
3. Obxectivos.
4. Colaboración e participación das familias.
5. Situación dos nenos e nenas de Ed. Infantil antes de come o período de adaptación.
6. Flexibilidade do horario.
7. Actividades para unha mellor adaptación.
8. Agrupación flexible para o alumnado.
9. Disposición da aula
10. Avaliación do período de adaptación.
11. Difusión e coñecemento do plan de adaptación.

## 2. INTRODUCCIÓN

A chegada por primeira vez dos nenos e nenas á escola supón un cambio importante na súa vida; implica a saída do mundo familiar, dun espazo seguro, coñecido e protexido, para pasar a outro descoñecido no que vai ser mirado dende un punto de vista diferente.

Non é un momento sinxelo. Os nenos e nenas deben coñecer ese lugar, facelo propio, establecer vínculos de relación... Non todos reaccionan igual diante da mesma situación. As respostas son variadas e cada unha delas require unha atención diferenciada.

O modo de resolver estas primeiras experiencias educativas e sociais terá unha grande influencia na súa futura actitude, nas súas relacións cos docentes e na calidade das súas aprendizaxes.

Por todo isto é necesario facer unha planificación coidada da súa incorporación á escola.

## 2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

Para a elaboración deste Plan de adaptación tivemos en conta as directrices especificadas no Decreto 330/2009 de 24 de xuño que establece o currículo en Educación Infantil e a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia regula no seu artigo 3º o período de adaptación.

*Artigo 3º.-Período de adaptación.*

- Os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola

*infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe.*

• *A organización deste período garantirá a integración gradual, do alumnado de nova incorporación desde o inicio das actividades lectivas. En todo caso, estableceranse no proxecto educativo do centro as medidas organizativas e pedagóxicas para este período. Este período en ningún caso poderá superar o mes de setembro e concretarase anualmente na orde que establece o calendario escolar para cada curso académico.*

### 3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que se pretenden son:

Facilitar o cambio emocional que supón a incorporación á escola para os nenos e nenas e para as súas familias .

Conseguir que o alumno teña interese pola escola, que nela se sinta a gusto e que saiba desenvolverse dentro do grupo, utilizando dun xeito adecuado espazos e materiais.

Compartir información relevante entre as familias, o profesorado e o alumnado para mellorar o coñecemento mutuo.

Xerar relacións vinculantes entre nenos e nenas, as súas familias e profesorado, baseadas na confianza e na profesionalidade.

### 4. COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS

No proceso de adaptación non só están implicados os/as nenos/as, senón que tamén xogan un papel importante as súas familias. Os pais e nais tamén terán que experimentar, en xeral, pequenos ou grandes cambios para axudar ós seus fillos/as nesta tarefa.

A maneira en que as familias vivan a entrada do seu/súa fillo/a na escola (os seus temores, as súas expectativas, a súa ansiedade, a súa angustia, a súa seguridade ou inseguridade, o seu grao de confianza nas posibilidades do neno e na institución, etc.) todo elo é transmitido e captado polo alumno.

É importante, polo tanto, crear un clima de tranquilidade e confianza mediante o cal as familias teñan claro onde deixan aos seus/súas fillos/as, o que se espera deles, como poden axudar nestes primeiros días...

A confianza é un elemento indispensable neste período e debemos ser especialmente coidadosos á hora de requirir información acerca dos seus/súas fillos/as. Procuraremos que as familias non se sintan asediadas polo noso afán de coñecer os/as nenos/as.

No momento da matrícula fixaremos a data e a hora na que nos entrevistaremos cos/cas pais/nais, para obter información máis individualizada dos nosos/as alumnos/as. Na entrevista estarán presentes os/as pais/nais e a orientador/a do centro ou o/a titor/a.

A reunión de inicio de curso farase durante a primeira semana do mes de setembro. As entrevistas faranse ao longo dos meses de setembro e outubro. Trátase de que os/as pais/nais poidan informar sobre como transcorre a vida do neno/a, con quen vive, cales son as súas vivencias, os seus medos, as súas ansiedades..., cal é o seu nivel de autonomía e de dependencia, se o seu sono é tranquilo, se ten posibilidades de xogar con outros/as nenos/as... Anotaremos todas as informacións recibidas nunha ficha de datos sociofamiliares. Antes de empezar o curso, organizaremos un primeiro contacto dos

nenos e nenas co centro e unha reunión informativa cos/cas pais/nais na primeira semana do mes de setembro. Os/as nenos/as estarán acompañados por un/ha mestre/a de infantil e o/a director/a para realizar un primeiro contacto coa aula e o centro, mentres os/as pais/nais terán unha reunión co/a orientador/a. Nesta reunión falarase sobre o proceso de adaptación dos nenos/as, a influencia da actitude dos/das pais/nais e distintos aspectos do funcionamento do centro. Comentaremos os contidos do folleto informativo entregado ás familias cando finalice a reunión.

Presenza dos/as pais/nais na aula:

O comportamento do/a neno/a será o que determine se os/as pais/nais ou adultos que os acompañan deben:

- Quedar na aula
- Establecer períodos de separación cada vez máis longos ata chegaren a ser toda a xornada.

Especial importancia require o momento da DESPEDIDA. Os/as pais/nais non deben saír da aula sen despedirse dos/das seus/súas fillos/as, xa que isto pode xerar ansiedade. Polo tanto, o momento de saída da aula por parte dos/das pais/nais debe ser coñecida polo/a alumno/a. O adulto debe amosar unha actitude tranquila e confiada e explicarlle, sen enganalo, onde vai e cando volverá.

## 5. SITUACIÓN DOS ALUMNOS ANTES DE EMPEZAR O PERÍODO DE ADAPTACIÓN

Os nenos e nenas mailas súas familias poderán visitar o colexio no días establecidos de **Portas abertas**, estando programados durante o mes de xaneiro e febreiro os martes de 10.30 horas a 14.00 horas así como e as tardes do martes de 16.00 horas a 18.00 horas, podendo visitar e coñecer as instalacións xunto cos próximos compañeiros.

É importante destacar que os/as alumnos/as que nunca estiveron escolarizados, non coñecen o centro, nin a aula, nin ao/á mestra/e; este grupo requirirá, en principio, unha maior atención pola nosa parte. Pero non debemos esquecer en ningún momento que todos os/as alumnos/as están en período de adaptación posto que empezan un novo curso que sempre supón certos cambios; deben ser moi observados para poder atallar calquera problema que puidera xurdir da maneira máis rápida e eficaz posible

## 6. FLEXIBILIZACIÓN DO HORARIO

A palabra clave que define o calendario e o horario no período de adaptación é **FLEXIBILIDADE**.

A entrada dos alumnos farase, en principio, da seguinte maneira:

O día de comezo de curso, establecido cada ano no calendario oficial, virán só os pais/nais dos nenos/as. Será unha reunión na que os pais tomen un primeiro contacto co/a mestre/a. Nesta reunión trataranse temas xa recollidos no folleto (Caderno de normas para pais) e outros de interese.

O horario durante o período de adaptación será flexible e dependerá de como o neno vaia respondendo. Os nenos de 4 e 5 anos farán a

xornada completa. Os de 3 anos entrarán en horario normal, pero o horario de saída será flexible, segundo necesidades.

Na xornada escolar non podemos esquecer a importancia do RECREO, onde os nenos de Educación Infantil se relacionarán con alumnos/as doutros niveis, xogando, conversando... É moi importante que o/a mestre/a estea presente nestes recreos nos primeiros días de adaptación, tanto para obter información a través da observación directa, como para permanecer no alcance visual dos pequenos.

## 7. ACTIVIDADES PARA UNHA MELLOR ADAPTACIÓN

O período de adaptación terá unha **duración máxima de 10 días lectivos**. Isto non quere dicir que non poida haber nenos que necesiten algún tempo máis. Debemos ser conscientes de que podemos atopar alumnos que presenten condutas conflitivas (agresividade, dependencia...), que formaban xa parte da súa personalidade antes da entrada na escola e que non podemos pretender modificar neste período, senón que debe ser froito da súa propia evolución persoal, axudado pola escola e a familia.

Con estas actividades pretendemos favorecer os seguintes aspectos :

- Coñecemento das dependencias do centro.
- Interese por participar no grupo, intentando que se sintan a gusto dentro do mesmo e protagonistas activos da súa entrada na escola.

Tendo en conta estes aspectos as actividades propostas para favorecelos serán do seguinte tipo:

Xogo libre nos distintos recunchos da aula.

Actividades de corro que axuden a coñecerse entre eles.

Xogos de presentación: xogos de descubrimento da aula, uso do material, os recunchos...

Manipulación de distintos materiais de maneira libre ou dirixida (plastilina, pintura de dedos...)

Percorrido polas dependencias do centro: biblioteca, aseos, corredores, patio, ximnasio, aula de música, aula de audiovisuais, comedor, etc...

Diálogo coas distintas persoas que traballan no centro: conserxe, persoal de limpeza, mestres/as, cargos directivos, etc.

Manipulación dos distintos xoguetes que hai na aula: bonecas, cociña, coches, puzzles, etc.

Contos

Circuíto sinxelos de psicomotricidade.

## 8. AGRUPACIÓN FLEXIBLE DO ALUMNADO

A agrupación dos nenos e nenas tamén se fará de forma flexible.

Intentaremos nestes primeiros días poñer xuntos aos/ás nenos/as que xa se coñecen, para ir pouco a pouco integrándoos en grupos máis amplos

## AXENDA ESCOLAR 2019/20

### CEIP. “MESTRE VIDE” OURENSE

SETEMBRO			
TEMA XERAL	ASUNTO	DATA LÍMITE	LEXISLACIÓN
LUNS 2 DE SETEMBRO. Reunión profesorado .11 H. Biblioteca	Presentación. Fixar criterios elaboración horarios	Antes comezo clases	Cap. V 2.2 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
MARTES 3 E 6 DE SETEMBRO. Claustro	Adscrición funcional Mestres/as		Cap. V 1.5 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
	Enviar actas á inspección	Cinco días	Cap. V 1.5 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
Horarios	Elaboración horarios (X.E. /C.C.P.)	Antes comezo clases	Cap. V 2.2 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
	Horarios secretaria e atención a país	Antes comezo clases	Cap. V 2.2 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
Inicio clases. 11 de setembro	Exposición tableiro	Antes comezo clases	Cap. V 2.2 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
Programacións	Elaborar programacións didácticas	Antes comezo clases	Orde 13/06/2011 (DOG 22/06/12) Art. 57 do D. 374/96 (DOG 21/10)
PXA	Propostas do claustro		
	Directrices consello escolar		
	Elaboración	Ata o 10 de outubro	CapI- 3.7 Orde 22/7/97 (DOG 2/9)
Período adaptación E.I.	<b>12/09/2019-24/09/2019</b>	Ata 24/09/2019	Orde 13/06/2011 (DOG 22/06/12)
Cambios centro	Remitir / solicitar documentación		Ordes avaliación
Matrícula	Actualización libro matrícula		
TAREFAS MES			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> <li>-Partes de asistencia alumnado (cargar faltas no XADE),</li> <li>-Introducir datos transporte e comedor escolar nas aplicación: <a href="http://edu.xunta.es/transporteescolar">http://edu.xunta.es/transporteescolar</a> e <a href="http://edu.xunta.es/comedores">http://edu.xunta.es/comedores</a></li> <li>-Proxectos de Formación en Centros: ver convocatoras do CFR.</li> </ul>			
TAREFAS TRIMESTRE			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario,</li> <li>-Consello escolar ordinario,</li> <li>-Reunión Comisión de Convivencia.</li> <li>-Actualizar inventario do centro (adquisicións material,...)</li> </ul>			

<b>OUTUBRO</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
P.X.A.	Elaboración	Ata o 10	Cap. I- 3.7 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
	Aprobación consello escolar	Antes do 15	Cap. I- 3.7 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
	Remitir copia á inspección	Ata o 20	Cap. I- 3.9 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
	Dar copia asociación país	Ata o 20	Cap. I- 3.9 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
Datos XADE, DRD...	Actualizar datos xade		
Días non lectivos <b>(20-03-2020)</b> <b>proposta.</b>	Solicitar xefe territorial	Antes do 25 de outubro.	Orde calendario escolar
Material e mobiliario	Solicitar á consellería	Ate fin de mes	Protocolo no portal educativo
Reunión país	Reunión colectivas por titorias	Antes fin de mes	Cap. VI – 5.4 Orde 22/07/97 (DOG 2/9)
Cambios de centro	Enviar copia historial e informe indi.	A petición centros	Art. 16, Orde 23/11/07 (DOG 30/11)
Elección representantes C.Escolar.	18/anuncio.		Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
	25. sorteo membros da Xunta Electoral.		Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
31 de outubro. Día do Ensino. Non lectivo			
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Solicitar material e mobiliario-D.O.C. ver portal educativo</li> <li>-Proxectos de Formación en Centros: ver convocatorias do CFR.</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario, 29-10-19</li> <li>-Consello escolar ordinario,29-10-19</li> <li>-Reunión trimestral C.C.</li> </ul>			

<b>NOVEMBRO</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
Consellos escolares	Renovación	Cada dous anos	Decreto 92/88 (DOG 20/4) Orde 21/10/96
	Renovación de 2 pais no Consello Escolar e 3 profesores		Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
Constitución da Xunta electoral		02/11/2018	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
Presentación de candidaturas		03/11/2018 ata 13/11/2018	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
Publicación do censo electoral		14/11/2018	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
Reunión da Xunta Elctoral		18/11/2016	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
Claustro		20/11/2018/votación profes.	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
Votacións		23/11/2018.votac.pais/nais	
<b>12 de novembro</b>	<b>Festivo local/San Martiño</b>		
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario,</li> <li>-Consello escolar ordinario,</li> <li>-Reunión trimestral C.C.</li> </ul>			

<b>DECEMBRO</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
Consellos escolares	constitución	Cada dous anos	Decreto 92/88 (DOG 20/4) Orde 21/10/96
Gastos funcionamento	Peche contas	Ata o 31	D 201/2003 (DOG 4/4)
Avaliación	Sesión avaliación.	Antes vacacións	Art. 4, Orde 23/11/07 (DOG 30)
• <b>Infantil.10/12/2019</b>	Actas das reunión	Antes vacacións	Art. 4,5 Orde 23/11/07 (DOG 30)
• <b>Primaria.17/12/2019</b>	Información ás familias. <b>20/12/2017</b>	Antes vacacións	Art. 8, Orde 23/11/07 (DOG 30)
Convivencia	Reunión trim.C.C.	Antes fin trimestre	Art. 7, D 85/07 (DOG 8/5)
Consellos Escolares	Reunión da Xunta Electoral	13/12/2019	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
	Constitución novo Consello Escolar	17-12/2019	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
	Envío delegación copias das actas	Antes do 20/11/2019	Decreto 24/94(DOG 9 de agosto)
Vacacións nadal.	<b>20/12/2019 ata 7/01/2020</b>		
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> <li>-Partes de asistencia alumnado (cargar faltas no XADE),</li> <li>- Balance trimestral comedor escolar</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario,</li> <li>-Consello escolar ordinario,</li> <li>-Reunión trimestral C.C.</li> <li>-Actualizar inventario do centro (adquisicións material,...)</li> </ul>			





<b>FEBREIRO</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
Xornada única / mixta	Publicar censo	10 días antes votación	Art. 5, orde 29/5/08 (DOG 6/6)
	Votación claustro / consello / pais	Durante o mes	Art. 5, orde 29/5/08 (DOG 6/6)
	Solicitar informe servicio transporte	Durante o mes	Art. 7, orde 29/5/08 (DOG 6/6)
	Solicitud cambio xornada	Durante o mes	Art. 6 orde 29/5/08 (DOG 6/6)
Admisión alumnos	Reserva prazas	Antes fin de mes	Art. 7. 2.3 Orde 17/03/07 (DOG 4/4)
	Remisión IES relación alumnado	Antes fin de mes	Art. 7. 2.3 Orde 17/03/07 (DOG 4/4)
	Envío a xefe territorial vacantes	Antes fin de mes	Art. 7. 2.3 Orde 17/03/07 (DOG 4/4)
	Publicar no taboleiro vacantes	Antes fin de mes	Art. 7. 2.3 Orde 17/03/07 (DOG 4/4)
Gastos funcionamento	Anteproxecto orzamentos secr.	No prazo dun mes despois de coñecidos os créditos	Art 7, Decreto 2001/03 (DOG 4/4)
	Aprobación na comisión económica		
	Aprobación consello escolar		
- Fondo de acción social	Envía a xefatura territorial		
Entroido. 24-25-26 de febrero.			
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> <li>-Partes de asistencia alumnado (cargar faltas no XADE),</li> <li>- Balance trimestral comedor escolar</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario,</li> <li>-Consello escolar ordinario,</li> <li>-Actualizar inventario do centro (adquisicións material,...)</li> </ul>			

<b>MARZO</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
Admisión de alumnos	Prazo de inscrición	Ata o 31	Art. 9, 2.3 Orde 17/03/07 (DOG 4/4)
	Envío copias solicitudes á comisión de escolarización de alumnado con NEAEs	En 5 días	Art.9, 2.3 O. 17/03/07 (DOG 4/4)
Convivencia	Reunión trimestral Comisión de conv.	Antes fin trimestre	Art. 7 D85/07 (DOG 8/5)
20 de marzo. Solicitud de día non lectivo.			
24-03-2020.Avaliación Educación Infantil.	Actas de reunión	Antes de vacacións	Art. 4,5 O 23/11/07 (DOG 30)
31-03-2020.Avaliación Educación Primaria.	Información ás familias <b>.03/04/2020</b>	Antes de vacacións	Art. 8 O 23/11/07 (DOG 30)
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> <li>-Partes de asistencia alumnado (cargar faltas no XADE),</li> <li>-Informe trimestral comedor escolar</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			

<b>ABRIL</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
Admisión de alumnos	Cargar solicitudes XADE	Ata 1	
	Presentación documentación	Do 1 ao 20	Art. 13 Orde 17/03/07 (DOG 4/4)
	Listaxe provisional de admitidos	Antes do 31	Art. 35, 2 O 17/03/07 (DOG 4/4)
	Reclamación á listaxe provisional	5 días	
Selección director	Expoñer proxectos de dirección.20/24 -MEMORIA 2016/20	Prazos na orde	Decreto 29/07
Vacacións Semana Santa. 04-04-2020/13-04-2020			
	Reunión extraordinaria claustro e consello		
	Envío representantes comisión x.t.		
	Publicar no taboleiro a comisión		
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> <li>-Partes de asistencia alumnado (cargar faltas no XADE),</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario,</li> <li>-Consello escolar ordinario,</li> <li>-Reunión trimestral observatorio convivencia</li> <li>-Actualizar inventario do centro (adquisicións material,...)</li> </ul>			

<b>MAIO</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
Admisión alumnos	Listaxe definitiva de admitidos	Fixa orde	Orde admisión
	Remitir á delegación: Listaxe admitidos Vacantes Solicitudes non admitidos	No prazo de 48 horas	Orde admisión
Libros de texto	Solicitude cambio antes de 6 anos 1º-3º-5º. (FIN DE PERIODO DE 6 ANOS)	Antes 15 maio	CapIII, 4-6 Orde 22/07/97
	Programa becas		
Comedor e transporte	Instrucións curso seguinte		Art. 17 Orde 21/2/07 (DOG 5/3)
Avaliación diagnóstica	Cada curso sae orde que a desenvolve. 3º, 6º		
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> <li>-Partes de asistencia alumnado (cargar faltas no XADE),</li> <li>- Pagos desprazamentos profesorado itinerante</li> <li>- Avaliación diagnóstica</li> <li>- Memorias determinados proxectos (PLAMBE...)</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario,</li> <li>-Consello escolar ordinario,</li> <li>-Reunión trimestral C.C.</li> <li>-Actualizar inventario do centro (adquisicións material,...)</li> </ul>			

<b>XUÑO</b>			
<b>TEMA XERAL</b>	<b>ASUNTO</b>	<b>DATA LÍMITE</b>	<b>LEXISLACIÓN</b>
Admisión de alumnos	Matricula	Entre o 20 e o 30	Orde 17/03/07 (DOG 4/4)
Libros texto	Publicar lista no taboleiro	Antes do 15	Cap III, 4-6 Orde 22/07/97
	Envío copia inspección	Antes do 20	
Avaliación	Sesións de avaliación	Antes de vacacións	Art. 4 O 23/11/07 (DOG 30)
<b>1. Infantil:11/06/2019</b>	Actas de reunión	Antes de vacacións	Art. 4,5 O 23/11/07 (DOG 30)
<b>2. Primaria:18/06/2019</b>	Información ás familias	Antes de vacacións	Art. 8 O 23/11/07 (DOG 30)
	Atender reclamacións	<b>Cinco días(24/25/26/27/28)</b>	CAP IV, 11 Orde 22/07/97
Convivencia	Reunión trimestral C.C..	Antes fin trimestre	Art. 7 D85/07/97
Memoria	Informar Claustro	Último claustro	Cap.I, 5.1 Orde 22/07/97
	Aprobación consello escolar	Antes de fin de mes	Cap.I 5.7 Orde 22/07/97
Excursión Fin de Curso de 6 (fixar datas e acompañantes)	Enviar copia inspección	Antes do 10 xullo	Cap I, 5.8 Orde 22/07/97 e calendario escolar
Entrega de notas.		<b>19/06/2020</b>	
CLAUSTRO/CONSELLO ESCOLAR		25/06/2020	
<b>TAREFAS MES</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Parte de faltas, menú comedor escolar,</li> <li>-Xestión económica alumnos pago comedor (cargar días comensais e colaboradores, follas pagamento comensais,...),</li> <li>-Gardas profesorado (recreos, tardes,...),</li> <li>-Partes de asistencia alumnado (cargar faltas no XADE),</li> <li>-Informe trimestral e anual comedor escolar</li> <li>- Becas MEC</li> <li>- Necesidades obras e mantemento</li> </ul>			
<b>TAREFAS TRIMESTRE</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>-Claustro ordinario,</li> <li>-Consello escolar ordinario,</li> </ul>			